



ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PAS AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA RENOVACIÓN PARCIAL

De conformidade co indicado na RESOLUCIÓN do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos. (DOG nº 180 do 18 de setembro do 2024), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO PAS**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme ao establecido no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto) corresponde elixir no presente proceso electoral a un membro do persoal de administración e servizos.
2. O representante do persoal de administración e servizos será elixido, cando corresponda polo persoal que realiza no centro funcións desta natureza, sempre que estea vinculado a mesmo por relación xurídica, administrativa ou laboral, tendo todo o persoal que reúna os requisitos indicados a condición de elector ou elixible, debendo, en todo caso presenta-la oportuna candidatura perante a xunta electoral.
3. O censo electoral provisional do PAS estará exposto a partir desta data no taboleiro de anuncios da entrada do Centro.
4. As candidaturas oficiais poderán ser presentadas ata as 14:00 horas do día **11 de novembro de 2024** na Secretaría, así como posibles reclamacións ao censo electoral.
5. A mesa electoral estará formada pola Directora do Centro, que actuará como presidenta, o secretario do centro e o membro do citado persoal de maior idade.
6. Cada membro do PAS fará constar na papeleta das eleccións un máximo dunha candidatura.
7. O voto será directo, secreto e non delegado.
8. As eleccións do sector do PAS realizaranse o **martes 19 de novembro de 2024 de 14:10 a 15:10h.**
9. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.
10. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

IES BEADE, 28 de outubro do 2024

A directora do Centro e presidenta da Xunta Electoral,



Asdo.: Liliana Saco Álvarez